



SINDICATO DE TRABALLADORAS E TRABALLADORES DO ENSINO DE GALIZA  
[www.stegsindicato.org](http://www.stegsindicato.org)

A CORUÑA-SANTIAGO Avda de Coimbra 15, local. 15704 / tfno-fax: 981580700  
LUGO Rúa Bolaño Ribadeneira, 20-2ºB. 27001 / tfno-fax: 982240066  
OURENSE Rúa S. Domingos, 60: gal. Xesta-entrechán, 1. 32005 / tfno-fax: 988252323  
PONTEVEDRA Rúa Eduardo Pondal,3 entrechán. 36001 / tfno-fax: 986857545

**Á/A ILMO. SR. SECRETARIO XERAL DE EDUCACIÓN**

**ASUNTO: RETIBUCIÓNS DA FUNCIÓN TITORIAL E OUTRAS FUNCIÓNS DOCENTES**

Na Orde do 17 de xullo do 2007 pola que se regula a percepción do compoñente singular do complemento específico por función titorial no caso de Infantil e primaria as gardas contan como lectivas e no caso de secundaria non. Estamos atopando casos de profesorado de secundaria que aínda querendo facer dinamizacións non llo permiten no centro por ser necesario que faga gardas e non chegando a 18 horas lectivas non pode cobrar este complemento. Como entendemos que no espírito desta norma estaba que o puidese cobrar todo o mundo que quixese,

SOLICITAMOS : que se arbitre unha solución para estes casos podendo ser, por exemplo, un certificado da dirección do centro dicindo que é imprescindible, para cubrir as necesidades do centro, facer esas gardas. Se fose preciso, co visto e prace da inspección. Ou calquera outra solución que permita o cobro deste complemento a todo o profesorado.

En Compostela, 8 de novembro de 2007

Atentamente

Asído: José Cabido Pérez

en nome do SECRETARIADO NACIONAL DO STEG

